

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026352	IES Brión	Brión	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Historia de España	2º Bac.	3	87

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	24
4.2. Materiais e recursos didácticos	25
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	26
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	26
6. Medidas de atención á diversidade	28
7.1. Concreción dos elementos transversais	29
7.2. Actividades complementarias	30
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	31
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	32
9. Outros apartados	33

## 1. Introducción

A materia de Historia de España introduce ao alumnado na perspectiva do pensamento histórico, indispensable para a observación, interpretación e comprensión da realidade na que vive. Atender aos principais retos e problemas aos que se enfrenta no século XXI resulta esencial para o exercicio da súa madurez intelectual e persoal, ao situalo ante os desafíos sociais do presente. A análise do pasado constitúe unha referencia imprescindible para entender o mundo actual. Ademais, conforma un rico legado que o alumnado debe saber apreciar, conservar e transmitir, como legado das distintas xeracións que nos antecederon. Desta maneira, ao estudar os acontecementos vividos por outros, as dificultades ás que tiveron que facer fronte e as decisións que adoptaron, o alumnado ten a oportunidade de coñecer os factores que condicionan a actuación humana e o papel que cobran na historia determinados elementos como a organización do territorio, a articulación das relacións económicas, as crenzas e o desenvolvemento das ideas. Tamén aprende a valorar e comprender a evolución social ata chegar ao actual estado constitucional no que se fundamenta a nosa convivencia democrática.

Entendemos que a función da ensinanza é facilitar a aprendizaxe ao alumnado, axudándoos a construír, adquirir e desenvolver as competencias clave que lles permitan integrarse na sociedade do coñecemento e afrontar os continuos cambios que se impoñen en todas as ordes da nosa vida.

Por competencias enténdese, nun sentido amplo, a concatenación de saberes que artellan unha concepción do ser, do saber, saber facer e saber convivir. A competencia supón unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións, e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz.

A inclusión das competencias clave no currículo ten como finalidade que as alumnas e os alumnos a) poidan facer posible o pleno exercicio da cidadanía no marco da sociedade de referencia; b) constrúan un proxecto de vida satisfactorio; c) alcancen un desenvolvemento personal emocional e afectivo equilibrado; e d) accedan a outros procesos educativos e formativos posteriores con garantías de éxito.

A través do estudo da Historia de España, o alumnado deberá adquirir determinados valores e hábitos de comportamento, como a actitude crítica cara ás fontes, o recoñecemento da diversidade de España ou a valoración do patrimonio cultural e histórico recibido. Así mesmo, tal estudo deberá contribuír a fomentar unha especial sensibilidade cara á sociedade do presente e a súa problemática, que anime a adoptar unha actitude responsable e solidaria coa defensa da liberdade, a igualdade de entre homes e mulleres, os dereitos humanos, a non-discriminación e os valores democráticos. A materia proporcionalle ao alumnado unha visión útil e funcional da historia orientada a promover a observación, análise e interpretación da súa contorna real e a exercer unha cidadanía activa e implicada na vida social.

Por iso é polo que a materia de Historia de España adquire un papel fundamental para o exercicio do espírito crítico, fundamentado e razoado, para previr a desinformación e permitir exercer con liberdade o conxunto de valores cívicos que enmarca a nosa Constitución. Todo iso desde unha concepción activa da cidadanía, na que o alumnado se sinta parte implicada da contorna na que vive, colaborando na súa mellora e contribuíndo, desde as súas posibilidades, a unha sociedade máis xusta, equitativa e cohesionada.

Doutra banda, a aproximación á metodoloxía histórica obriga o alumnado ao uso rigoroso e crítico das fontes, á utilización precisa dos conceptos e a historiografía, e ao coñecemento das principais teorías e correntes académicas que foron desenvolvéndose no ámbito da historia e doutras ciencias sociais afíns. Así mesmo, a metodoloxía histórica promove o exercicio de procesos indutivos e de indagación relacionados con estratexias de utilización de documentos e probas, así como á procura e ao tratamento de información e fontes textuais, gráficas, audiovisuais, artísticas, literarias, hemerográficas e sonoras, accesibles en moitos casos grazas a plataformas dixitais. Non hai que esquecer o peso da materia na formación e perfeccionamento da competencia lingüística, sendo como é clave a este nivel o desenvolvemento dunha capacidade expresiva, tanto oral coma escrita, xa perfectamente autónoma, correcta e precisa.

Preténdese con iso destacar o valor funcional e significativo da aprendizaxe da Historia de España e dos saberes que esta materia ofrece, dotándoos dun sentido práctico e relacionándoos coa contorna real do alumnado.

Relaciónanse os contidos da España contemporánea e actual, que contan con maior presenza, cos de etapas históricas anteriores. Preténdese incidir con iso no carácter funcional das aprendizaxes e na conexión do pasado máis afastado coas épocas máis recentes. En calquera caso, os feitos e acontecementos deben formularse contextualizados no seu momento histórico, caracterizando debidamente cada etapa da historia e situándoa adecuadamente na liña do tempo, evitando así unha visión presentista.

O enfoque competencial do bacharelato e da Historia de España abre novas oportunidades e posibilidades para crear

escenarios de aprendizaxe máis activos, nos que dotar de maior protagonismo o alumnado, que permitan o traballo en equipo, os procesos de indagación e investigación, a creatividade e a transferencia do coñecemento adquirido. En calquera caso, a materia oríentase ao mesmo tempo en función das probas de acceso á universidade, para facilitar a súa superación. As directrices establecidas polo grupo de traballo de Historia de España da Comisión Interuniversitaria de Galicia informan igualmente cun peso específico a configuración da materia ao longo do curso.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Valorar os movementos e accións que promoveron as liberdades na historia de España, utilizando termos e conceptos históricos, a través da análise comparada dos distintos réximes políticos, para recoñecer o legado democrático da Constitución de 1978 como fundamento da nosa convivencia e garantía dos nosos dereitos.	2				12-31	1-2		
OBX2 - Recoñecer e valorar a diversidade identitaria do noso país, por medio do contraste da información e a revisión crítica de fontes, tomando conciencia do papel que xoga na actualidade, para respectar os sentimentos de pertenza, a existencia de identidades múltiples e as normas e símbolos que establece o noso marco común de convivencia.	3				31	1-2-3		1-2
OBX3 - Analizar e valorar a idea de progreso desde a perspectiva do benestar social e da sostibilidade, a través da interpretación dos factores modernizadores da economía española, o uso de métodos cuantitativos e a análise crítica das desigualdades sociais e territoriais, para considerar o emprendemento, a innovación e a aprendizaxe permanente como elementos fundamentais nunha contorna económica e profesional en constante cambio.			1-4	2	12-20	1-4		
OBX4 - Tomar conciencia da diversidade social a través da análise multidisciplinaria dos cambios e continuidades da sociedade española ao longo do tempo, a evolución da poboación, os niveis e modos de vida, as condicións laborais e os movementos e conflitos sociais, para valorar o alcance das medidas adoptadas e os progresos e limitacións para avanzar na igualdade, o benestar, a xustiza e a cohesión social.	2-4		4	1	40	1-3		2

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Analizar criticamente o papel das crenzas e das ideoloxías na articulación social, no uso do poder e na configuración de identidades e proxectos políticos contrapostos, a través do estudo de fontes primarias e textos historiográficos e a fundamentación de xuízos propios, para debater sobre problemas actuais, transferir coñecemento, valorar a diversidade cultural e mostrar actitudes respectuosas ante ideas lexítimas diferentes ás propias.	3		4		31-40	1-2-3		1
OBX6 - Interpretar o valor xeoestratéxico de España e a súa conexión coa historia mundial, sinalando as analoxías e singularidades da súa evolución histórica nun contexto global cambiante, por medio da procura e o tratamento de información, para avalar os compromisos do noso país en materias de cooperación e seguridade, promover actitudes solidarias e asumir os valores do europeísmo.			4		11-40	1-2-3		1-2
OBX7 - Incorporar a perspectiva de xénero na análise da España actual e da súa historia, a través da contextualización histórica de fontes literarias e artísticas e a investigación sobre o movemento feminista, para recoñecer a súa presenza na historia e promover actitudes en defensa da igualdade efectiva de mulleres e homes.	4				11-12-31	2-3		1-2
OBX8 - Valorar o patrimonio histórico e cultural como legado e expresión da memoria colectiva, identificando os significados e usos públicos que reciben determinados acontecementos e procesos do pasado, por medio da análise da historiografía e do pensamento histórico para o desenvolvemento da iniciativa, o traballo en equipo, da creatividade e da implicación en cuestións de interese social e cultural.			3		11-31-32	1-3	3	32

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Historiografía e metodoloxía histórica. As raíces históricas: A Idade antiga. A Idade media: Al-Ándalus e os	Explicar as características dos principais feitos e procesos históricos da Península Ibérica desde a antigüidade ata a desaparición da monarquía visigoda, e identificar as súas causas e consecuencias.	3	4	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Reinos cristiáns.	<p>Os pobos prerromanos da Península Ibérica. Conquista e romanización. A monarquía visigoda.</p> <p>Explicar a evolución dos territorios musulmáns na Península, describindo as súas etapas políticas e a realidade socioeconómica.</p> <p>Explicar a evolución e configuración política dos reinos cristiáns, en relación co proceso de reconquista e o concepto patrimonial da monarquía.</p> <p>Analizar a reconquista e repoboación. Describir o réxime feudal e a sociedade estamental. Comprender as crises baixomedievais (os Irmandiños).</p>	3	4	X		
2	Os reis católicos e o Imperio dos Austria. O S.XVIII: O reformismo dos Borbón e a Ilustración. Os Decretos de Nova Planta e o Antigo Réxime.	<p>Analizar o reinado dos Reis Católicos como unha etapa de transición entre a Idade Media e a Idade Moderna (unión dinástica, reorganización político administrativa). Explicar a evolución e a configuración do imperio español no século XVI. Explicar as causas e as consecuencias da crise do século XVII: aspectos socioeconómicos e políticos. Economía e sociedade na Galicia dos Austrias.</p> <p>Analizar conquista e colonización de América: contexto, institucións, explotación das Indias..</p> <p>Analizar o cambio dinástico e a guerra de Sucesión. Describir os efectos dos Decretos de Nova Planta.</p> <p>O reformismo borbónico en Galicia (a matrícula de mar, o arsenal de Ferrol, a apertura do comercio colonial).</p> <p>A Ilustración en España (características da Ilustración e do Despotismo Ilustrado). O papel da muller na Idade Moderna: dificultades do estudo de xénero, caracterización xurídica e social da muller.</p>	10	10	X		
3	A crise do Antigo Réxime (1788-1833): Liberalismo fronte a Absolutismo.	<p>Analizar as relacións entre España e Francia desde a Revolución Francesa ata a Guerra da Independencia.</p> <p>As Cortes de Cádiz e a constitución de 1812.</p> <p>A restauración de Fernando VII e do absolutismo (as etapas do reinado).</p>	10	6	X		
4	A construción do Estado liberal (1833-1868).	<p>Describir o fenómeno do carlismo como resistencia absolutista fronte á revolución liberal.</p> <p>Analizar a transición definitiva do Antigo</p>	10	8	X	X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	A construción do Estado liberal (1833-1868).	Réxime ao réxime liberal burgués durante o reinado de Isabel II. Explicar o proceso constitucional durante o reinado de Isabel II.	10	8	X	X	
5	O Sexenio Democrático (1868-1874). A Revolución Gloriosa e a constitución de 1869. A primeira república (proxecto de constitución federal e cantonalismo).	Explicar o Sexenio Democrático como período de procura de alternativas democráticas.	10	6		X	
6	Economía e Sociedade (1833-1900).	A reforma agraria liberal: as desamortizacións. Os principais sectores industriais e o papel do ferrocarril. O movemento obreiro (Sexenio Democrático e Restauración). A evolución da sociedade no século XIX.	10	8		X	
7	A Restauración Borbónica (1875-1902).	O retorno da monarquía; constitución de 1876; e vida política). Explicar o sistema político da Restauración. A cuestión nacional no último terzo do século XIX. Analizar os movementos políticos e sociais excluídos do sistema. Explicar o desastre colonial e a crise do 98.	10	8		X	
8	A crise da Restauración Borbónica (1902-1931).	Analizar a desarticulación do sistema canovista. Relacionar o rexeneracionismo xurdido da crise do 98. A Semana Tráxica e as súas consecuencias (1909-1917). A crise de 1917, os gobernos de concentración e a guerra de Marrocos. A ditadura de Primo de Rivera (golpe de estado e etapas: delimitación temporal e características principais).	8	6		X	
9	A II República española (1931-1939).	Explicar a II República como solución democrática ao afundimento do sistema político da Restauración. O establecemento da II República (forzas políticas e constitución de 1931). Analizar as grandes reformas da República. Diferenciar as etapas da República ata o comezo da Guerra Civil	8	8			X
10	A Guerra Civil (1936-1939).	Analizar a Guerra Civil, identificando as súas causas e as consecuencias, a intervención internacional e o curso dos acontecementos nas dúas zonas. A guerra civil: sublevación, bandos en conflito e a súa dimensión internacional.	5	4			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
11	O franquismo: A Posguerra (1939-1959).	O franquismo: características e institucionalización. Analizar as características do franquismo e a súa evolución no tempo e especificar as transformacións políticas, económicas e sociais.	5	6			X
12	O franquismo: O gran desenvolvemento (1959-1975).	Analizar as formas de oposición ao Réxime. Explicar a política económica.	5	6			X
13	Transición e democracia (desde 1975)	Analizar a agonía do franquismo. Comprender a Constitución de 1978 e o estado das autonomías. O Estatuto de autonomía de Galicia de 1981. Entender a consolidación da democracia: da crise da UCD aos gobernos do PSOE. A consolidación do bipartidismo (1982-2004). Os gobernos do S.XXI. España en Europa e no mundo: da CEE á UE, integración política internacional. Evolución e cambios na España actual: retos da globalización, estado do benestar, avances sociais.	6	7			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Historiografía e metodoloxía histórica. As raíces históricas: A Idade antiga. A Idade media: Al-Ándalus e os Reinos cristiáns.	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Identifica o carácter das fontes históricas. Contesta á proba escrita cun nivel suficiente e satisfactorio.	PE	90
CA1.3 - Referir o papel que representaron as crenzas relixiosas e as institucións eclesiásticas na configuración territorial e política de España, considerando criticamente aqueles momentos nos que primou a uniformidade e a intolerancia contra as minorías étnicas, relixiosas ou culturais.	Explica a evolución dos territorios musulmáns na Península Ibérica. Explica a evolución e configuración política dos reinos cristiáns.		



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Recoñecer o valor xeoestratéxico da Península Ibérica, identificando o rico legado histórico e cultural xerado por mor da súa conexión con procesos históricos relevantes, caracterizando as especificidades e singularidades da súa evolución con respecto a outros países europeos e os estereotipos asociados a elas, así como a influencia das relacións internacionais.	Analiza e explica as características dos principais procesos históricos da Península Ibérica desde a antigüidade ata a desaparición da monarquía visigoda, identificando as súas causas e consecuencias.		
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Atopa información de interese sobre a importancia cultural dun feito histórico. Elabora mapas e liñas de tempo, localizando as fontes adecuadas,	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<p>- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual.</p> <p>- O significado xeoestratéxico da Península Ibérica e a importancia do legado histórico e cultural. O Mediterráneo, o Atlántico e a Europa continental nas raíces da historia de España e de Galicia.</p>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Os reis católicos e o Imperio dos Austria. O S.XVIII: O reformismo dos Borbón e a Ilustración. Os Decretos de Nova Planta e o Antigo Réxime.	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Define o concepto de unión dinástica en tempos dos Reis Católicos e describe as características do novo Estado. Compara os imperios territoriais de Carlos I e de Filipe II.		
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Analiza as causas e as consecuencias da decadencia no S.XVII.	PE	90

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Referir o papel que representaron as crenzas relixiosas e as institucións eclesiásticas na configuración territorial e política de España, considerando criticamente aqueles momentos nos que primou a uniformidade e a intolerancia contra as minorías étnicas, relixiosas ou culturais.	Explica a expansión colonial en América e no Pacífico durante o S. XVI e as súas consecuencias.		
CA1.4 - Recoñecer o valor xeoestratéxico da Península Ibérica, identificando o rico legado histórico e cultural xerado por mor da súa conexión con procesos históricos relevantes, caracterizando as especificidades e singularidades da súa evolución con respecto a outros países europeos e os estereotipos asociados a elas, así como a influencia das relacións internacionais.	Realiza un informe sobre o valor xeoestratéxico da Galicia do século XVIII coa nova dinastía Borbón.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual.</li> <li>- O proceso de construción nacional en España. Da centralización política e administrativa á fin do Antigo Réxime: a unión dinástica dos Reis Católicos e a formación do estado moderno; as Xuntas do Reino de Galicia. O papel central da monarquía dos Austrias na Europa moderna, eclosión e decadencia. O cambio dinástico, os Decretos de Nova Planta e a crise do Antigo Réxime.</li> <li>- O significado da monarquía hispánica e da herdanza colonial. Estereotipos e singularidades da historia de España no contexto internacional: as leis de Indias e a "revolución dos presos".</li> <li>- Relixión, igrexa e estado. O papel do catolicismo na configuración cultural e política de España. A situación das minorías relixiosas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	A crise do Antigo Réxime (1788-1833): Liberalismo fronte a Absolutismo.	6

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Explica as fases do conflito entre liberais e absolutistas durante o reinado de Fernando VII. Comprende as diferenzas entre o Antigo Réxime e o réxime liberal burgués.	PE	90

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Identifica, analiza e saca conclusións das diferenzas entre as opcións carlista e liberal a nivel político, económico, social e cultural ou nos valores morais, no proceso de nacemento da España liberal.		
CA2.1 - Recoñecer o legado democrático e as accións en favor da liberdade, identificando e comparando os distintos réximes políticos e os seus respectivos textos constitucionais, desde a quebra da Monarquía Absoluta e os inicios da España liberal á actualidade, utilizando adecuadamente termos e conceptos históricos, valorando o grao e alcance dos dereitos e liberdades que recoñecen e a aplicación efectiva destes.	Completa e analiza unha táboa comparativa entre a Constitución de 1812 e o Estatuto Real de 1834..	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual.</li> <li>- Estudo comparado dos réximes liberais e do constitucionalismo en España: dos inicios do réxime liberal e a constitución de 1812 ata a Constitución democrática de 1931. Termos e conceptos da historia para o estudo dos sistemas políticos.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	A construción do Estado liberal (1833-1868).	8

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Analiza a transición definitiva do Antigo Réxime ao réxime liberal burgués durante o reinado de Isabel II.	PE	90

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Recoñecer o legado democrático e as accións en favor da liberdade, identificando e comparando os distintos réximes políticos e os seus respectivos textos constitucionais, desde a quebra da Monarquía Absoluta e os inicios da España liberal á actualidade, utilizando adecuadamente termos e conceptos históricos, valorando o grao e alcance dos dereitos e liberdades que recoñecen e a aplicación efectiva destes.	Explica o proceso constitucional durante o reinado de Isabel II. Compara as Constitucións de 1837 e 1845.		
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Explica o protagonismo dos militares e especificando os cambios políticos, económicos e sociais.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual.</li> <li>- Estudo comparado dos réximes liberais e do constitucionalismo en España: dos inicios do réxime liberal e a constitución de 1812 ata a Constitución democrática de 1931. Termos e conceptos da historia para o estudo dos sistemas políticos.</li> <li>- Ideoloxías e culturas políticas na España contemporánea: conflictividade, sistemas políticos e usos do poder. Estudo de textos e contextos de partidos e movementos políticos, desde o carlismo e as distintas forzas monárquicas ao republicanismo e o obrerismo revolucionario. O papel dos exilios na España contemporánea e a súa contribución á construción da Europa das liberdades.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	O Sexenio Democrático (1868-1874). A Revolución Gloriosa e a constitución de 1869. A primeira república (proxecto de constitución federal e cantonalismo).	6

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Identifica e analiza a traveso das fontes as distintas orientacións do republicanismo durante a I República.	PE	90

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Explica o Sexenio Democrático como período de procura de alternativas democráticas á monarquía. Describe as características esenciais da Constitución de 1869.		
CA2.1 - Recoñecer o legado democrático e as accións en favor da liberdade, identificando e comparando os distintos réximes políticos e os seus respectivos textos constitucionais, desde a quebra da Monarquía Absoluta e os inicios da España liberal á actualidade, utilizando adecuadamente termos e conceptos históricos, valorando o grao e alcance dos dereitos e liberdades que recoñecen e a aplicación efectiva destes.	Selecciona e analiza unha caricatura dunha revista satírica da época do Sexenio democrático e a compara co humor político actual.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual.</li> <li>- Estudo comparado dos réximes liberais e do constitucionalismo en España: dos inicios do réxime liberal e a constitución de 1812 ata a Constitución democrática de 1931. Termos e conceptos da historia para o estudo dos sistemas políticos.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	Economía e Sociedade (1833-1900).	8

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Relaciona os problemas do transporte e o comercio interior cos factores xeográficos. Explica os obxectivos da rede ferroviaria e as consecuencias da lei xeral de ferrocarrís de 1855.	PE	90

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
<p>CA3.1 - Analizar a evolución económica de España, os seus ritmos e ciclos de crecemento, valéndose do manexo de datos, representacións gráficas e recursos dixitais, interpretando o seu particular proceso de modernización no contexto dos países da súa contorna e os debates historiográficos sobre o seu desenvolvemento industrial, considerando o emprendemento, a innovación e a aprendizaxe permanente como formas de afrontar os retos dunha contorna económica e profesional en constante cambio.</p>	<p>Explica as causas e consecuencias das desamortizacións de Mendizábal e Madoz. Describe a evolución da industria téxtil, a siderurxia e a minaría ao longo do século XIX.</p>		
<p>CA3.2 - Entender os distintos significados da idea do progreso nos seus contextos históricos, desenvolvendo o estudo multicausal dos modelos de desenvolvemento económico aplicados na España contemporánea e analizando criticamente a idea de modernización, valorando os seus efectos en relación co progreso económico e a mellora das condicións xerais de vida, coa desigualdade social, os desequilibrios territoriais, a degradación ambiental e as relacións de dependencia, así como reflectindo actitudes en favor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.</p>	<p>Analiza os sectores económicos e especifica a situación herdada, as transformacións de signo liberal e as consecuencias que se derivan delas. Compara o proteccionismo e librecambismo ao longo do S.XIX</p>		
<p>CA2.2 - Describir as grandes transformacións sociais e os diferentes modos de organización e participación política que se produciron en España desde o tránsito do Antigo Réxime á nova sociedade contemporánea, analizando o xurdimento e evolución do concepto de cidadanía e das novas formas de sociabilidade, utilizando adecuadamente termos históricos e conceptos historiográficos, e identificando a persistencia das desigualdades.</p>	<p>Secuencia e describe a orixe e evolución do movemento obreiro en España diferenciando marxismo e anarquismo.</p>	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual.</li> <li>- Estudo comparado dos réximes liberais e do constitucionalismo en España: dos inicios do réxime liberal e a constitución de 1812 ata a Constitución democrática de 1931. Termos e conceptos da historia para o estudo dos sistemas políticos.</li> <li>- A transición ao capitalismo en España. Os debates historiográficos sobre a industrialización do país e da súa dependencia exterior. O modelo de desenvolvemento económico español, ritmos e ciclos de crecemento. Pautas rexionais. O modelo de industrialización en Galicia.</li> <li>- As grandes desamortizacións liberais: logros e frustracións.</li> <li>- Cambios sociais e novas formas de sociabilidade: interpretacións sobre a transformación da sociedade estamental e o desenvolvemento do novo concepto de cidadanía.</li> <li>- Traballo e condicións de vida. A evolución da sociedade española. Poboación, familias e ciclos de vida. Servidume señorial, proletarización industrial, o nacemento das clases medias e o estado do benestar.</li> <li>- Mundo rural e mundo urbano. Relacións de interdependencia e de reciprocidade entre o campo e a cidade desde</li> </ul>

### Contidos

- unha perspectiva histórica. O foro en Galicia. O éxodo rural.
- A loita pola igualdade e a xustiza social: conflitividade, movementos sociais e asociacionismo obreiro.

UD	Título da UD	Duración
7	A Restauración Borbónica (1875-1902).	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Describe o sistema político da Restauración, distinguindo a teoría e o funcionamento real.	PE	90
CA2.1 - Recoñecer o legado democrático e as accións en favor da liberdade, identificando e comparando os distintos réximes políticos e os seus respectivos textos constitucionais, desde a quebra da Monarquía Absoluta e os inicios da España liberal á actualidade, utilizando adecuadamente termos e conceptos históricos, valorando o grao e alcance dos dereitos e liberdades que recoñecen e a aplicación efectiva destes.	Especifica as características esenciais da Constitución de 1876. Analiza os movementos políticos e sociais excluídos do sistema, especificando a súa evolución.		
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Identificar e comparar a traveso das fontes as personalidades, as reivindicacións, similitudes e diferenzas dos movementos nacionalistas galego, vasco e catalán.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

### Contidos

- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual.
- Estudo comparado dos réximes liberais e do constitucionalismo en España: dos inicios do réxime liberal e a constitución de 1812 ata a Constitución democrática de 1931. Termos e conceptos da historia para o estudo dos sistemas políticos.
- A cuestión nacional: conciencia histórica e crítica de fontes para abordar a orixe e a evolución dos nacionalismos e rexionalismos na España contemporánea.

UD	Título da UD	Duración
8	A crise da Restauración Borbónica (1902-1931).	6

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Analiza as causas da quebra do sistema político da Restauración e identifica os factores internos e externos. Explica a ditadura de Primo de Rivera como solución autoritaria á crise do sistema.	PE	90
CA2.1 - Recoñecer o legado democrático e as accións en favor da liberdade, identificando e comparando os distintos réximes políticos e os seus respectivos textos constitucionais, desde a quebra da Monarquía Absoluta e os inicios da España liberal á actualidade, utilizando adecuadamente termos e conceptos históricos, valorando o grao e alcance dos dereitos e liberdades que recoñecen e a aplicación efectiva destes.	Relaciona o rexeneracionismo xurdido da crise do 98 co revisionismo político dos primeiros gobernos. Explica a evolución económica e demográfica no primeiro terzo do S.XX.		
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Analiza as causas, os principais feitos e as consecuencias da intervención de España en Marrocos entre 1904-1927. Describe a crise xeral de 1917: causas, manifestacións e consecuencias.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual.</li> <li>- Estudo comparado dos réximes liberais e do constitucionalismo en España: dos inicios do réxime liberal e a constitución de 1812 ata a Constitución democrática de 1931. Termos e conceptos da historia para o estudo dos sistemas políticos.</li> <li>- A cuestión nacional: conciencia histórica e crítica de fontes para abordar a orixe e a evolución dos nacionalismos e rexionalismos na España contemporánea.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
9	A II República española (1931-1939).	8



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Compara o mapa da división territorial na II República co mapa autonómico actual analizando o proceso de descentralización republicano.		
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Explica a II República como solución democrática ao afundimento do sistema político da Restauración, enmarcándoa no contexto internacional de crise económica e conflitividade social.		
CA2.4 - Empregar o rigor metodolóxico da historia no estudo das grandes reformas estruturais que acometeu a Segunda República, identificando os seus logros e fracasos, tamén as reaccións que se produciron e que, entre outras consideracións, derivaron no golpe de estado de xullo de 1936, aproximándose á historiografía sobre a Guerra Civil e ao marco conceptual do estudo dos sistemas totalitarios e autoritarios a través da interpretación da evolución do franquismo.	Diferencia as etapas da República ata o comezo da Guerra Civil, especificando os feitos e as actuacións principais en cada unha no contexto da Constitución de 1931.	PE	90
CA2.5 - Constatar o papel relegado da muller na historia analizando fontes literarias e artísticas, valorando as accións en favor da emancipación da muller e do movemento feminista e recuperando figuras individuais e colectivas como protagonistas silenciadas e omitidas da historia.	Explica en que consistiu o debate sobre a concesión do voto feminino, con Clara Campoamor, Victoria Kent e Margarita Nelken.		
CA4.4 - Introducir a perspectiva de xénero na observación e análise da realidade histórica e actual, identificando os mecanismos de dominación que xeraron e mantiveron a desigualdade entre mulleres e homes, así como os roles asignados e os espazos de actividade ocupados tradicionalmente pola muller.	Describe a lexislación republicana con as leis que favoreceron a igualdade entre sexos e os campos donde se mantivo unha evidente segregación.		
CA4.5 - Realizar traballos de indagación e investigación, iniciándose na metodoloxía histórica e a historiografía, mediante a xeración de produtos relacionados coa memoria colectiva sobre acontecementos, personaxes ou elementos patrimoniais de interese social ou cultural da contorna local, considerando o patrimonio histórico como un ben común que se debe protexer.	Valora a importancia da Idade de Prata da cultura española, e explica as achegas das xeracións do 98 á do 36.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.3 - Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron as ideoloxías na articulación social e política da España contemporánea, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través da lectura de textos historiográficos e identificando as principais culturas políticas e ideolóxicas que foron sucedéndose, as súas formas de organización e os diferentes proxectos políticos que representaban, expresando actitudes respectuosas ante ideas diferentes ás propias.	Identifica, analiza e contrasta carteis electorais da época.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual.</li> <li>- Estudo comparado dos réximes liberais e do constitucionalismo en España: dos inicios do réxime liberal e a constitución de 1812 ata a Constitución democrática de 1931. Termos e conceptos da historia para o estudo dos sistemas políticos.</li> <li>- Ideoloxías e culturas políticas na España contemporánea: conflictividade, sistemas políticos e usos do poder. Estudo de textos e contextos de partidos e movementos políticos, desde o carlismo e as distintas forzas monárquicas ao republicanismo e o obrerismo revolucionario. O papel dos exilios na España contemporánea e a súa contribución á construción da Europa das liberdades.</li> <li>- A Segunda República e a transformación democrática de España: as grandes reformas estruturais e a súa orixe histórica. Realizacións sociais, políticas e culturais; reaccións contra as reformas.</li> <li>- Mecanismos de dominación, roles de xénero, espazos de actividade e escenarios de sociabilidade das mulleres na historia de España. Protagonistas femininas individuais e colectivas. A loita pola emancipación da muller e os movementos feministas. Fontes literarias e artísticas nos estudos de xénero.</li> <li>- Identidade e sentimentos de pertenza: recoñecemento das identidades múltiples e dos símbolos e normas comúns do Estado español.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
10	A Guerra Civil (1936-1939).	4

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Relaciona a Guerra Civil española co contexto internacional. Compara a evolución política e a situación económica dos dous bandos durante a guerra	PE	90

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Analiza a Guerra Civil, identificando as causas e consecuencias, a intervención internacional e o curso dos acontecementos nas dúas zonas.		
CA2.5 - Constatar o papel relegado da muller na historia analizando fontes literarias e artísticas, valorando as accións en favor da emancipación da muller e do movemento feminista e recuperando figuras individuais e colectivas como protagonistas silenciadas e omitidas da historia.	Compara o papel outorgado á muller en cada un dos bandos.		
CA4.5 - Realizar traballos de indagación e investigación, iniciándose na metodoloxía histórica e a historiografía, mediante a xeración de produtos relacionados coa memoria colectiva sobre acontecementos, personaxes ou elementos patrimoniais de interese social ou cultural da contorna local, considerando o patrimonio histórico como un ben común que se debe protexer.	Explica e compara os cartéis de propaganda política da guerra civil española e analiza as mensaxes que pretendían trasladar dun xeito visual e sinxela á poboación.		
CA4.4 - Introducir a perspectiva de xénero na observación e análise da realidade histórica e actual, identificando os mecanismos de dominación que xeraron e mantiveron a desigualdade entre mulleres e homes, así como os roles asignados e os espazos de actividade ocupados tradicionalmente pola muller.	Explica o papel de Federica Montseny no bando republicano e o contrapón con a sección feminina de Pilar Primo de Rivera.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual.</li> <li>- Ideoloxías e culturas políticas na España contemporánea: conflitividade, sistemas políticos e usos do poder. Estudo de textos e contextos de partidos e movementos políticos, desde o carlismo e as distintas forzas monárquicas ao republicanismo e o obrerismo revolucionario. O papel dos exilios na España contemporánea e a súa contribución á construción da Europa das liberdades.</li> <li>- O golpe de estado de 1936. A Guerra Civil e o franquismo: aproximación á historiografía sobre o conflito e ao marco conceptual dos sistemas totalitarios e autoritarios.</li> <li>- Identidade e sentimentos de pertenza: recoñecemento das identidades múltiples e dos símbolos e normas comúns do Estado español.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
11	O franquismo: A Posguerra (1939-1959).	6

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Explica as relacións exteriores e a súa evolución. Explica a política económica do franquismo nas súas etapas.	PE	90
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Identificar, analizar e comparar os piares do réxime e as diferente familias do franquismo coas actitudes sociais e políticas que determinaron.		
CA2.5 - Constatar o papel relegado da muller na historia analizando fontes literarias e artísticas, valorando as accións en favor da emancipación da muller e do movemento feminista e recuperando figuras individuais e colectivas como protagonistas silenciadas e omitidas da historia.	Elabora unha breve exposición sobre a presenza feminina na cultura en España e no exilio durante o franquismo.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual.</li> <li>- Fundamentos ideolóxicos do réxime franquista, relacións internacionais e etapas políticas e económicas. A represión e os movementos de protesta contra a ditadura.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
12	O franquismo: O gran desenvolvemento (1959-1975).	6

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Explica a política económica e as características do desarrollismo franquista..	PE	90

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Explica as relacións exteriores e a evolución política de España desde 1959 ata 1975.		
CA3.3 - Analizar de maneira multidisciplinaria a diversidade e a desigualdade social existente na historia contemporánea de España, a evolución da poboación e os cambios nas condicións e modos de vida, interpretando as causas e motivos da conflitividade social e a súa articulación en distintos movementos sociais, considerando a acción motivada dos suxeitos e as medidas de distinto tipo adoptadas polo estado.	Especifica os grupos de oposición política ao réxime franquista tanto no interior como no exterior de España, e comenta a súa evolución no tempo.		
CA2.5 - Constatar o papel relegado da muller na historia analizando fontes literarias e artísticas, valorando as accións en favor da emancipación da muller e do movemento feminista e recuperando figuras individuais e colectivas como protagonistas silenciadas e omitidas da historia.	Analiza a vivencia feminina da ditadura a traveso da película "La voz dormida".	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual.</li> <li>- Fundamentos ideolóxicos do réxime franquista, relacións internacionais e etapas políticas e económicas. A represión e os movementos de protesta contra a ditadura.</li> <li>- A loita pola igualdade e a xustiza social: conflitividade, movementos sociais e asociacionismo obreiro.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
13	Transición e democracia (desde 1975)	7

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Describe as actuacións impulsadas polo presidente de Goberno Adolfo Suárez para a reforma política do réxime franquista: lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977..		
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Analiza e explica os principais cambios na sociedade, estrutura familiar, educación e cultura en España.		
CA3.1 - Analizar a evolución económica de España, os seus ritmos e ciclos de crecemento, valéndose do manexo de datos, representacións gráficas e recursos dixitais, interpretando o seu particular proceso de modernización no contexto dos países da súa contorna e os debates historiográficos sobre o seu desenvolvemento industrial, considerando o emprendemento, a innovación e a aprendizaxe permanente como formas de afrontar os retos dunha contorna económica e profesional en constante cambio.	Analiza a evolución económica, social e política de España desde o primeiro Goberno de 1979 ata a crise de 2007, sinalando as ameazas ás que se enfrenta e os efectos da integración na UE.		
CA3.2 - Entender os distintos significados da idea do progreso nos seus contextos históricos, desenvolvendo o estudo multicausal dos modelos de desenvolvemento económico aplicados na España contemporánea e analizando criticamente a idea de modernización, valorando os seus efectos en relación co progreso económico e a mellora das condicións xerais de vida, coa desigualdade social, os desequilibrios territoriais, a degradación ambiental e as relacións de dependencia, así como reflectindo actitudes en favor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.	Comenta os feitos máis salientables do proceso de integración en Europa e as consecuencias para España desta integración.	PE	90
CA3.3 - Analizar de maneira multidisciplinaria a diversidade e a desigualdade social existente na historia contemporánea de España, a evolución da poboación e os cambios nas condicións e modos de vida, interpretando as causas e motivos da conflitividade social e a súa articulación en distintos movementos sociais, considerando a acción motivada dos suxeitos e as medidas de distinto tipo adoptadas polo estado.	Analiza o impacto da ameaza terrorista sobre a normalización democrática de España, describe a xénese e evolución das organizacións terroristas (ETA, GRAPO, etc.)		
CA4.1 - Identificar e valorar o papel da Transición no establecemento da democracia actual e da Constitución de 1978 como fundamento e garantía dos dereitos e liberdades dos españois, a través da elaboración de xuízos propios sobre os principais debates que afectan o sistema constitucional, mediante o dominio de procesos de procura e tratamento da información.	Explica o proceso de elaboración e aprobación da Constitución de 1978 e as súas características esenciais. Describe o Estado das autonomías e o caso de Galicia.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Deducir a través do estudo crítico de noticias e datos estatísticos a evolución do estado constitucional, identificando os logros e retrocesos experimentados e as medidas adoptadas polo estado ata o presente, a evolución dos niveis de vida e de benestar, así como os límites e retos de futuro.	Analiza e describe a evolución do Estado de benestar, e o relaciona co gasto social público. Compara a situación de España e da UE.		
CA4.3 - Sinalar os retos globais e os principais compromisos do Estado español na esfera internacional, así como os que derivan da súa integración na Unión Europea, a través de procesos de procura, selección e tratamento da información, así como do recoñecemento dos valores da cooperación, a seguridade nacional e internacional, a sostibilidade, a solidariedade, o europeísmo e o exercicio dunha cidadanía ética dixital.	Explica a posición e o papel da España actual na Unión Europea e no mundo.		
CA4.4 - Introducir a perspectiva de xénero na observación e análise da realidade histórica e actual, identificando os mecanismos de dominación que xeraron e mantiveron a desigualdade entre mulleres e homes, así como os roles asignados e os espazos de actividade ocupados tradicionalmente pola muller.	Describe os cambios na estrutura laboral na actualidade. Explica a evolución cara unha sociedade multicultural.		
CA4.5 - Realizar traballos de indagación e investigación, iniciándose na metodoloxía histórica e a historiografía, mediante a xeración de produtos relacionados coa memoria colectiva sobre acontecementos, personaxes ou elementos patrimoniais de interese social ou cultural da contorna local, considerando o patrimonio histórico como un ben común que se debe protexer.	Describe as dificultades da transición á democracia desde o franquismo nun contexto de crise económica, e explica as medidas que permitiron a celebración das primeiras eleccións democráticas.		
CA2.3 - Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron as ideoloxías na articulación social e política da España contemporánea, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través da lectura de textos historiográficos e identificando as principais culturas políticas e ideolóxicas que foron sucedéndose, as súas formas de organización e os diferentes proxectos políticos que representaban, expresando actitudes respectuosas ante ideas diferentes ás propias.	Selecciona un elemento (imaxe, acontecemento, etc.) expresivo do cambio de mentalidade e costumes en España e argumenta a súa escolla.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<p>- O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual.</p> <p>- Memoria democrática: recoñecemento das accións e movementos en favor da liberdade na historia contemporánea de España, conciencia de feitos traumáticos do pasado e do deber de non repetilos. Recoñecemento, reparación e dignificación das vítimas da violencia e do terrorismo en España. As políticas de memoria en España. Os lugares de memoria.</p>



## Contidos

- Mecanismos de dominación, roles de xénero, espazos de actividade e escenarios de sociabilidade das mulleres na historia de España. Protagonistas femininas individuais e colectivas. A loita pola emancipación da muller e os movementos feministas. Fontes literarias e artísticas nos estudos de xénero.
- A loita pola igualdade e a xustiza social: conflictividade, movementos sociais e asociacionismo obreiro.
- A Transición e a Constitución de 1978: identificación dos retos, logros e dificultades da fin da ditadura e do establecemento da democracia. A normalización democrática e a ameaza do terrorismo. Conciencia democrática: coñecemento dos principios e normas constitucionais, exercicio dos valores cívicos e participación cidadá.
- Identidade e sentimentos de pertenza: recoñecemento das identidades múltiples e dos símbolos e normas comúns do Estado español.
- España en Europa: derivacións económicas, sociais e políticas do proceso de integración na Unión Europea, situación actual e expectativas de futuro. Os valores do europeísmo: principios que guían a idea da Unión Europea e actitude participativa ante os programas e proxectos comunitarios.
- España e o mundo: a contribución de España á seguridade e cooperación mundial e a súa participación nos organismos internacionais. O compromiso institucional, social e cidadán ante os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. O comportamento ecosocial. Solidariedade e cooperación: os grandes desafíos que afectan a España e ao mundo e condutas tendentes ao compromiso social, o asociacionismo e o voluntariado.
- Crecemento económico e sostible: manexo de datos, aplicacións e gráficos para a análise da evolución da economía española desde o desenvolvementismo á actualidade. Desequilibrios sociais, territoriais e ambientais.
- A cultura de seguridade nacional e internacional, instrumentos estatais e internacionais para preservar os dereitos, as liberdades e o benestar da cidadanía.
- Conservación e difusión do patrimonio histórico: o valor patrimonial, social e cultural da memoria colectiva. Arquivos, museos e centros de divulgación e interpretación histórica.
- Cidadanía ética dixital: respecto á propiedade intelectual. Participación e exercicio da cidadanía global a través das tecnoloxías dixitais. Prevención e defensa ante a desinformación e a manipulación.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Un dos principios básicos no ámbito educativo é a construción de aprendizaxes significativas polo que é preciso utilizar estratexias que parten dos coñecementos previos que ten o alumnado, que servirán de base para iniciar unha aprendizaxe nova. Esta aprendizaxe conta con dous elementos fundamentais: o profesorado e o alumnado. O profesorado ten un papel fundamental na motivación do alumno, na adecuación e transmisión de coñecementos, no descubrimento das ideas previas que o alumno posúe e na correcta selección das estratexias a desenvolver para alcanzar os obxectivos propostos. Hai que salientar, sen embargo, que sen a vontade e o esforzo persoal e individual por parte do alumnado de querer aprender, avanzar e mellorar nas súas competencias e modificar as súas ideas ou hábitos de estudo ineficaces, a aprendizaxe significativa nunca se producirá.

Dado que as competencias clave están ligadas a un desempeño eficaz nun contexto determinado, as situacións de aprendizaxe deseñadas para o seu desenvolvemento nesta materia de Hª de España, incorpora tarefas que contextualizan as aprendizaxes e que permiten avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo. Será unha metodoloxía dirixida a implicar ao alumnado na aprendizaxe para que adquiran as habilidades que lles permitan construír os seus propios esquemas explicativos para comprender o mundo no que viven, construír a súa propia identidade, que poidan interactuar en situacións variadas e para que continúen aprendendo.

As unidades correspondentes a Historia de España pretenden que o alumnado acade un coñecemento do pasado máis entroncado co seu presente, así como que logre posuír unha visión xeral dos aspectos máis salientables da época actual

A metodoloxía didáctica a seguir empregará as seguintes estratexias:

- Estratexias expositivas: nas exposicións dos contidos da materia, o profesorado fomentará a participación do alumno fronte á simple recepción pasiva desas explicacións. Promoverá o diálogo constante e interactivo entre os propios alumnos e entre estes e o profesor, as preguntas aclaratorias etc., procurando erradicar temores, prexuízos, reservas e receos.
- Estratexias referenciais: Manterase unha relación constante coa realidade inmediata -noticias de prensa, conflitos actuais, e algúns feitos significativos da historia comarcal ou local contemporánea- e coa práctica, para posibilitar



unha memorización mais comprensiva y aprendizaxes mais significativos.

- Estratexias de indagación para a asimilación de contidos, procedementos e hábitos, técnicas e métodos de traballo e estudio: pequenos traballos de síntese mais que de investigación con bibliografía variada, comentarios de textos que mais tarde se exporán conxuntamente, comentarios de mapas, táboas e gráficas, etc..

- Estratexias de intercambio e debate: para a consecución de criterios e personalidade propios, para asimilación crítica dunha serie de valores e actitudes. Fomento de debates, cinefórum, pequenas dramatizacións, xogos de simulación, saídas ao entorno mais próximo, etc..

- Darase prioridade a unha metodoloxía globalizadora de tódolos aspectos que caracterizan cada época histórica (económicos, sociais, culturais e políticos), intentando aproximarnos ó concepto de "historia total", fronte a unha visión excesivamente especializada e marcada polos acontecementos, aínda que sen esquecer as efemérides mais importantes como referentes excepcionais do noso pasado.

Para poñer en práctica o dominio dos contidos e os procedementos propios da Historia, así como as competencias clave, o alumnado levará a cabo traballos de maneira individual ou grupal. Tanto as tarefas coma os materiais seguirán os parámetros establecidos polo grupo de traballo da CIUG para a preparación da proba da ABAU.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto físico ou dixital.
Apuntamentos docente
Aula virtual do centro
Fichas fotocopiáveis
Presentacións interactivas por medio de webs, realidade virtual e apps
Novelas históricas, novelas gráficas

A variedade de contidos e metodoloxías require realizar unha selección dos materiais e recursos para adecualos a cada tipo de estratexia e aspecto que se desexe desenvolver. Actualmente cóntase cunha grande diversidade de materiais didácticos e de recursos que deben estar ao servizo dos alumnos, ben para ser utilizados de forma individual ou colectiva.

A Biblioteca escolar conta cun fondo bibliográfico na súa sección de Historia que reúne libros de consulta, monografías, biografías, atlas, dicionarios históricos e moitos outros materiais de grande utilidade para a preparación da materia, así como complemento que pode ilustrar, enriquecer e despertar no alumnado o interese e o gusto pola Historia.

Proporase o emprego dun libro de texto de libre elección polo alumnado entre as distintas editoriais (Baía, Vicens Vives...), co gallo de acostumar ao manexo de bibliografía, desenvolver a consulta autónoma de materiais e aproveitar os recursos didácticos que os manuais ofrecen.

Ademais do libro de texto empregarase material complementario, elaborado pola docente. Así mesmo, utilizarase o súa aula virtual para a achega de materiais e como espazo de consulta do alumnado.

O recurso aos medios audiovisuais apoiarán e ilustrarán tamén os contidos explicados na aula, do mesmo xeito que se proporá ao alumnado o recurso á literatura e o cine como outras fontes secundarias que poden axudar a unha mellor inmersión no pasado histórico.

No se pode esquecer a prensa diaria como medio de contacto directo coa actualidade e tamén como recurso para o desenvolvemento dun espírito crítico no alumnado, así como o fomento do hábito da súa consulta en tanto cidadáns activos e implicados nos problemas e desafíos do mundo actual

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase nos primeiros días de clase, destinada a comprobar a capacidade de expresión, corrección formal, análise, coherencia expositiva e coñecementos previos.

Un instrumento desta Avaliación pode ser unha proba inicial que pode constar dos seguintes apartados:

- Competencia lectora: actividades relacionadas coa comprensión de textos escritos.
- Conceptos e expresión escrita: cuestións sobre aspectos básicos de Historia, que ademais permitirán avaliar a coherencia e a corrección gramatical e ortográfica.
- Elaboración de comentarios, sínteses ou esquemas, mapas conceptuais..., que permitan coñecer se o alumnado domina eses procedementos tan básicos nesta área.

Outra das vantaxes da avaliación inicial é a de ofrecer información adicional sobre o punto de partida do alumnado cara o tema que se vai a comezar a traballar, permitindo concretar os contidos que suscitan maior interese ou que se descoñecen totalmente. Ademais nos posibilita definir a didáctica e metodoloxía para abordar a unidade e chegar aos distintos ritmos de aprendizaxe.

Outro aspecto importante destas probas diagnósticas é que permiten detectar as posibles confusións e incorreccións que o alumnado ten sobre os contidos a tratar e que precisan aclaración e rectificación.

Os resultados de dita proba poderán orientarnos cara ao establecemento das estratexias de aprendizaxe e a realización das actividades de reforzo máis axeitadas para o alumnado.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>3</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>5</b>
<b>Proba escrita</b>	90	90	90	90	90	90	90	90	90	90
<b>Táboa de indicadores</b>	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>6</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	90	90	90	<b>90</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	10	10	10	<b>10</b>

### Criterios de cualificación:

Os criterios para avaliar o progreso do alumnado serán os seguintes:

-Probas escritas (exames): computarán o 90% da nota do trimestre. Realizarase unha proba no primeiro trimestre e dúas por cada un dos trimestres seguintes. O modelo de exame axustarase ao deseñado pola Comisión de Historia da CIUG para a realización das probas da ABAU. Na medida do posible procurarase a realización do exame coa duración establecida para dita proba (hora e media) co gallo de facilitar ao alumnado a súa adaptación á mesma.

Os exames poderán incluír tres tipos de exercicios: -a definición de catro termos históricos, que computarán o 20% da nota do exercicio;

-a elaboración dunha pregunta curta, que computará o 30% da nota

do exercicio;

-a realización dunha composición histórica a partires dunha selección de documentos (textos, mapas, gráficas, táboas...), que computará o 50% da nota do exercicio. En todo caso o alumnado deberá ser quen de identificar os temas e os asuntos propostos nos documentos para desenvolver.

Os exercicios de termos e preguntas curtas estarán presentes nas tres avaliacións para, co seu repaso continuo, favorecer a consolidación da parte máis teórica da ABAU.

A asistencia aos exames é obrigada e a súa convocatoria en data e hora debe ser respectada como parte da educación cívica da persoa. A fixación de cada convocatoria a un exame farase co concurso do alumnado, que poderá fixar coa profesora a data que mellor conveña ao conxunto, polo cal advertirase previamente dos inconvenientes antes de fixar a data concreta. Só por razón moi grave e debidamente xustificada desculparase a falta de asistencia a unha proba; noutro caso, a convocatoria pasará ao exame de recuperación.

O alumnado que sexa collido copiando, por calquera método que sexa, verá o seu exame anulado e terá na avaliación a cualificación de cero (0). Esta circunstancia impedirá o acceso á nota máxima ao final do curso.

-Tarefas do alumnado: computarán o 10% da nota do trimestre. No primeiro trimestre o alumnado desenvolverá as sínteses de oito preguntas curtas, realizando as correspondentes ás dúas preguntas restantes no segundo trimestre. Para a realización desta tarefa o alumnado poderá formar grupos de traballo, tanto con compañeiros ou compañeiras do propio grupo coma dos outros. No segundo e terceiro trimestres o alumnado practicará as composicións históricas, podendo seleccionar entre as propostas para cada tema un mínimo de unha no segundo trimestre e de dúas no terceiro.

As tarefas do alumnado deberán ser sempre e en todo caso persoais, non sendo admisibles aquelas que en todo ou en parte procedan doutras fontes (internet, terceiras persoas...). De advertirse un fraude neste sentido as tarefas non serán tidas en conta.

Para aprobar cada avaliación será imprescindible obter unha cualificación mínima de 5 na nota ponderada de exames e tarefas.

Ter unha avaliación suspensa implicará a necesidade de recuperala, xa que non se recuperará facendo media coas outras avaliacións.

Para aprobar o curso e superar a materia será preciso ter as tres avaliacións superadas. Neste caso a nota final será a media aritmética das tres avaliacións.

Nas notas de avaliación, que só admiten números enteiros, empregarase o seguinte criterio:

- obtida como nota unha cifra enteira, transcribirase sen alteración nas actas de avaliación;
- obtida unha nota con decimais: -redondearase ao enteiro superior no caso de que as décimas teñan un valor igual ou superior a 7 (7,7 transcribirase nas actas como 8), sempre que a nota chegue ou supere o 5;
- redondearase ao enteiro inferior no caso de que as décimas teñan un valor inferior a 7 (7,4 transcribirase nas actas como 7).

Tomaranse en consideración con carácter positivo: as intervencións constructivas do alumnado na aula, a calidade e coidado na entrega das tarefas, a capacidade de análise, de síntese e de relación, a claridade expositiva, a corrección na redacción, o coidado da caligrafía e a ortografía, a destreza no manexo das fontes, a implicación coa materia e a adecuación ás pautas indicadas no desempeño da práctica e o estudo. Entendendo que o curso é un proceso no que o alumnado debe ir medrando nas súas capacidades, coñecementos e competencias, valorarase igualmente a percepción desta evolución positiva en si mesma, o que se terá en conta particularmente de cara á nota final do curso.

### **Criterios de recuperación:**

- O alumnado que ao longo do curso non acade os obxectivos reflectidos nesta programación poderá realizar exames de recuperación.

Realizarase un exame de recuperación por trimestre que deberá fixarse en data sempre anterior ao primeiro exame do seguinte trimestre. Aquel alumnado que chegue a final de curso con dúas avaliacións suspensas deberá presentarse á proba final do curso con toda a materia. Esta proba final coincidirá coa recuperación da terceira avaliación por falta de datas no mes de maio.

O alumnado que non logre superar o curso e a materia terá a opción dun exame extraordinario en xuño que reproducirá o modelo dos exames feitos ao longo do curso coa salvedade de que se proporcionarán dúas opcións de escolla en cada exercicio da proba.

A nota obtida na recuperación será a que compute para a final da avaliación ordinaria sempre e cando esta nota sexa superior á do exame anterior suspenso.

Non se contemplará a realización de exames para subir nota. O alumnado deberá procurar a mellora da nota co seu progreso ao longo do curso.

O exame da avaliación extraordinaria de xuño será o mesmo para todos os grupos co fin de evitar diferenzas entre eles.

Actividades de reforzo e de ampliación: Despois da realización das probas da avaliación ordinaria e durante o tempo entre elas e a proba extraordinaria, realizaránse actividades de reforzo e ampliación segundo o caso. O profesorado poderá ofrecer explicacións dos contidos e insistir nas prácticas de preparación do exame.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe por trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poidan alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa para todo o alumnado.

Estableceranse as medidas oportunas para o alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe por TDAH, tales como adaptación de instrumentos e, e de ser o caso, tempos e apoios que aseguren unha correcta avaliación deste alumnado. De igual xeito, buscarase a localización máis idóneas na aula, de forma que estean sentados cerca da

mesa do profesor e, na medida do posible, ao lado de compañeiros que lle servan de modelo de tranquilidade, de orde e axuda.

Ao longo do curso e, según a evolución e necesidades concretas de cada alumno/a, poderanse elevar a cabo todas as medidas que consideremos necesarias para o correcto desenvolvemento deste alumnado.

En cada unidade propónse unha asimilación progresiva, de menor a maior dificultade, dos conceptos, termos e procesos históricos estudados.

En xeral, procurárase proporcionar ós alumnos e alumnas, para os contidos de maior dificultade:

- Esquemas e/ou sínteses cos conceptos fundamentais.
- Actividades con diferentes graos de profundización.
- Páxinas de referencia para resolver dúbidas e/ou ampliar coñecementos.

En calquera caso, as medidas de atención á diversidade no nivel de 2º de bacharelato non eximen ao alumnado da necesidade de desenvolver o mesmo tipo de tarefas que o conxunto, xa que o curso está condicionado polas probas da ABAU, ás que este alumnado vai asistir igualmente, polo que se impón tratar de preparalo para elas. Do mesmo xeito e obviamente, o alumnado queda sometido ás mesmas condicións de entreg, preparación de tarefas e criterios xerais de avaliación que o conxunto do grupo.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual								X
ET.3 - Competencia dixital								X
ET.4 - Emprendemento social e empresarial				X		X		
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X						
ET.6 - Educación emocional e en valores								
ET.7 - Convivencia: Respecto pola diversidade étnica cultural e igualdade de xénero	X	X						
ET.8 - Creatividade						X		

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital	X	X	X	X	X
ET.4 - Emprendemento social e empresarial					X
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.6 - Educación emocional e en valores	X	X			X
ET.7 - Convivencia: Respecto pola diversidade étnica cultural e igualdade de xénero					X
ET.8 - Creatividade	X				X

### Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios históricos.

A tecnoloxía da información e da comunicación reflexada na comunicación audiovisual e a competencia dixital será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente.

O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades.

O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa.

Importante na materia de Historia de España será a educación emocional e en valores como actitude do alumnado na aula de civismo, corrección, respecto e tolerancia en xeral e en particular pola diversidade étnica e cultural.

Ademais dos elementos transversais especificamente traballados nos anteriores epígrafes, traballaranse de forma específica os seguintes elementos transversais:

- A aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida.
- A prevención da violencia de xénero, e de todo tipo de violencia contra as persoas.
- Elementos curriculares relacionados co desenvolvemento sostible e o medio ambiente.
- Fomento da alimentación equilibrada e da actividade física moderada.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas a exposicións de interese museos.	Actividades complementarias programadas ao inicio do curso.	X		
Visitas a cidades e lugares de interese histórico, artístico ou xeográfico.	Actividades complementarias programadas ao inicio do curso.	X		
Roteiros de interese histórico, xeográfico ou cultural.	Actividades complementarias programadas ao inicio do curso.	X		
Asistencia a conferencias e charlas.	Actividades complementarias programadas ao inicio do curso		X	
Viaxes culturais.	Actividades extraescolares programadas ao inicio do curso.		X	

### Observacións:

O curso de 2º de Bacharelato é particularmente complicado no que a temporalización se refire. A permanencia da redución dunha hora semanal no currículo da materia fai aínda máis perceptible a escaseza horaria para completar a docencia dos contidos. Nesta precaria e lamentable situación consideramos que o curso de 2º de Bacharelato non se presta á realización de visitas, saídas ou excursións que nos limiten aínda máis o xa parco cadro horario do que dispoñemos.

En relación con este aspecto, pensamos que só nos poderíamos permitir plantexar a posibilidade de asistencia a exposicións ou conferencias estrictamente referidas aos contidos tratados na materia -especialmente circunscritos aos bloques referidos á historia contemporánea- e tendo en conta a marcha xeral do curso, en caso de producirse a ocasión.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Temporalización das unidades e dos contidos
Avaliación das aprendizaxes: Avalía según os criterios de avaliación da programación
Valoración da materia: 1. Os obxectivos están ben formulados 2. A selección e temporalización dos contidos é axeitada 3. Os criterios de avaliación e cualificación son claros 4. Empregáanse diferentes instrumentos de avaliación
Metodoloxía empregada
Exposición da información
Estratexias de motivación do alumnado
Interacción co alumnado
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Eficacia e variedade das actividades e recursos
Diversidade de recursos

#### Descrición:

Os docentes avalían tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente, a través dos Estándares de Aprendizaxe incorporados na programación docente.

Os contidos, competencias, obxectivos e criterios de avaliación do Currículo de cada área ou materia, permítenos definir os resultados de aprendizaxe e concretar o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada materia. Á súa vez, estes valóranse a partir dos indicadores de logro, que nos permiten avaliar en catro niveis as aprendizaxes que o alumnado consolidou respecto aos obxectivos marcados.

Este feito permítelle ao docente tamén avaliar os resultados das estratexias e medidas educativas que adoptou ao longo da súa práctica educativa para facilitar que o alumnado acade os obxectivos establecidos.

A avaliación tanto dos procesos de aprendizaxe do alumnado como da propia práctica docente será continua. A avaliación docente terá, ao mesmo tempo, como obxectivo adaptar as estratexias educativas adoptadas ao longo do curso ás necesidades específicas do alumnado.

Os obxectivos e criterios de avaliación permiten, neste sentido, identificar os coñecementos, capacidades, competencias... que en relación a un alumno ou alumna individual ou ao conxunto do grupo-clase deben ser consolidados, permitindo adaptar a practica educativa ás necesidades específicas do alumnado para que poidan alcanzar as ensinanzas establecidas nos correspondentes estándares de aprendizaxe.

- Como ferramenta auxiliar para reflexionar e valorar a actividade docente temos unha rúbrica da práctica docente na que se valoran os seguintes aspectos:

- Temporalización das unidades e dos contidos. Planificación das unidades didácticas ao longo do curso e temporalización dos contidos que se deben abordar en cada unidade.
- Exposición da información. Claridade nas explicacións docentes, cunha recepción e cunha interacción adecuada co alumnado para comprobar a asimilación das informacións transmitidas.
- Eficacia das actividades e recursos. Elección e uso adecuados das actividades e recursos empregados para a consecución dos obxectivos didácticos e dos criterios de Avaliación formulados.
- Diversidade de recursos. Uso de gran diversidade de recursos e materiais, incluíndo as TIC e o uso educativo dos medios de comunicación, para fomentar unha aprendizaxe ampla e unha boa motivación do alumnado.
- Estratexias de motivación do alumnado. Elaboración de propostas que animen o alumnado a desenvolver as súas capacidades en función dos seus propios intereses e a manter o interese e o esforzo durante a súa aprendizaxe.
- Interacción co alumnado. Relación fluída do docente co alumnado favorecendo con isto o desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
- Avaliación das aprendizaxes. Avaliación dos Contidos e dos obxectivos adquiridos.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

- En relación á práctica docente os indicadores de logro permiten valorar:
  - Consecución de obxectivos: Se se está cumprindo coa planificación: actividades, tempos, responsabilidades.
  - Se existe desviación entre o obxectivo definido e a acción ou accións deseñadas para conseguilo.
  - Se se consegue unha progresiva adquisición de autonomía no proceso de aprendizaxe: obtención, selección e contraste da información obtida.
  - Se colaboramos no desenvolvemento das competencias dixital e competencia para aprender a aprender.
  - Se se están conseguindo outras cousas distintas ás planificadas intencionalmente.
  - Se se está progresando na liña definida no obxectivo.
  - Se os resultados obtidos xeran satisfacción nos implicados.
  - Neste aspecto terase en conta a normativa vixente que considera conforme a programación se se cumpre polo menos un 75% dos contidos programados ao principio do curso, se non hai unha desviación na programación por avaliación máis aló dun 20% dos contidos programados ou incluso, nestes casos, cando as razóns sexan de carácter externo e/ou non imputables ao departamento.
- Dentro do proceso de ensinanza e aprendizaxe, o equipo docente de cada grupo de alumnado celebrará sesións de avaliación para valorar tanto as aprendizaxes do alumnado, como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente.

O equipo docente deberá adoptar as medidas ordinarias ou extraordinarias máis adecuadas. Estas medidas fixaranse en plans de mellora de resultados colectivos ou individuais, que permitan solventar as dificultades, en colaboración coas familias e mediante recursos de apoio educativo.

Indicadores de logro do proceso de ensino nunha escala de 1-4

1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
2. Ofrecense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
3. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
4. Combínase o traballo individual e en equipo.
5. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
6. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe.
7. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.
8. Ofrecense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.
9. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.
10. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.

Indicadores de logro da práctica docente nunha escala de 1-4

1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
5. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
6. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.
7. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.



## 9. Outros apartados